

VIEIROS

Cartafol


Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xosé Ramón Pena

Costumismo dos oitenta

Fado de princesa

Xosé Ramón Pena

Galaxia, Vigo, 2005. 226 páxs., 13,50 

Cualificar unha novela de costumista parece que é facer unha caracterización negativa dela. Non obstante, o costumismo é un xénero literario tan válido coma calquera outro e que ha de ter o seu lugar dentro da narrativa galega. Esta novela de X.R. Pena é, entre outras cousas, un bo exemplo de novela costumista.

- 10:51 04/06/2005

O lector asiste ao desenvolvemento da vida de Nena desde cativa ata que chega á madurez dos corenta e un anos. Estamos pois tamén ante unha novela de aprendizaxe. A propia Nena conta os episodios fundamentais da súa vida a través do relato que desta lle fai, en primeira persoa e por escrito, á psiquiatra que a trata dunha depresión: a escrita da propia vida é unha terapia. Nalgúns caso aparecen tamén os diálogos que mantén coa psiquiatra.

A protagonista-narradora pertence á xeración da movida ou dos anos oitenta. Nada nos sesenta, edúcase nun colexio de monxas típico do tardofranquismo, pero vive a revolución de costumes da década dos oitenta. Adopta en parte as formas de vida da movida. A través dos noivos ou relacións sucesivas de Nena, Pena vai nos presentando diferentes tipos, dentro do máis puro costumismo, de homes: o brután do primeiro mozo do remate dos setenta, o francés bo amante tópico, o aprendiz de filólogo lusista dos oitenta, o policía tamén tópico, o divorciado comprensivo, o compañeiro de traballo amable, o vasco independentista, ata o narcotraficante. No remate aparece o cincuentón suízo que, na tranquilidade de Xenebra, parece darlle a Nena o acougo desexado.

Non busquemos no argumento nin nos personaxes grandes fonduras. Dentro da tradición do costumismo, os personaxes resultan mesmo tópicos e tipos, planos e sen profundidade psicolóxica. O argumento tamén é tópico: a muller que á fin atopa a tranquilidade nos brazos do amante cincuentón. Pero iso é o costumismo. Son as leis do xénero. O lector, especialmente o que anda entre os trinta e cinco e os cincuenta e cinco anos, séntese ás veces identificado con estes personaxes pois traénlle á memoria unha xuventude e experiencias propias, ou de coñecidos, ou do que el cre que foron aqueles anos, e goza con esta lectura polo efecto da identificación, aínda que sexa acrítica.

Así mesmo, como pasa en todo costumismo, aparece o sentimento de que os tempos de Nena e os da súa xeración xa están pasados. Agora veñen novos tempos, valores e modos de vida, representados pola sobriña de Nena, cos que ela non se sente identificada. Calquera tempo pasado foi mellor, sobre todo se eses tempos pasados foron os da nosa xuventude.

É de agradecer o coidado que ten o novelista, autor tamén de manuais de aprendizaxe do galego, no uso do idioma: emprego adecuado de infinitivos conxugados, colocación do pronome átono diante da forma non persoal nas perífrases cando estas leva enlace diante da forma non conxugada, uso de *haber* en expresións do tipo *hai tempo...* Non obstante o autor abusa da perífrase *vir de* + infinitivo por *acabar de*; utiliza *esvaer* ou *namorar* como intransitivos non pronominais en reiteradas ocasións cando só poden ser transitivos ou pronominais; confunde ás veces os valores de *onde* / *onda* / *canda* / *xunta* ou aparecen usos incorrectos da preposición *a* co complemento directo.

Fronte a determinadas propostas normativas, máis ou menos oficialistas, o autor opta por *como* / *que* e non por *coma* / *ca* nas comparacións a non ser diante do pronome persoal; tamén prefire *como se* a *coma se* ou non emprega habitualmente a forma *-aría* senón *-ería*. Son escollas dignas de salientar porque a novela é obra dun dos nosos gramáticos.

Moi interesante resulta o intento de reproducir un galego oral urbano, cheo de coloquialismos, que mesmo aparecen en letra cursiva por seren case todos realmente castelanismos (*enrollarse*, *bo rolo*, *estar colgado* / *colocado*, *pasma*, *tío cachas*, *madero*, *comecocos*, *ser a leche*, *sitios potables...*). Dános a impresión que xa non existen coloquialismos xenuinamente galegos neste discurso urbano. Cremos esta postura un acerto do autor, que así nos amosa como o castelán non só nos esmaga nos rexistros xornalístico, político ou burocrático, senón tamén no rexistro coloquial oral espontáneo.

Xa que logo, unha boa novela costumista que nos fará pasar unhas horas agradables de lectura e que mesmo ten as súas pingas desmitificadoras coma na crítica a Santiago como cidade representativa de Galicia, a *Arredor de si* ou á corrente lingüística do reintegracionismo, que, non obstante, poden molestar a algúns. Pero a literatura tamén ten que alporizar.

[mércao en Andel](#)